

COMUNICADO CONXUNTO CONFAPA, SE, CCOO-ENSINO, FESP-UGT, STEG, IESGA E ESCOLA VIVA

As mobilizacións convocadas o 26 de outubro por CONFAPA, SE, CCOO-Ensino, FEsP-UGT, STEG, IESGA e Escola Viva acabaron coas reválidas.

A Comunidade Educativa volveu falar democraticamente nas rúas de toda a xeografía galega e en toda España. A contestación social contra as reválidas e consecuentemente contra a LOMCE foi un éxito absoluto. Un 98% de seguimento en secundaria e case un 70% en infantil e primaria. Aulas baleiras. Rúas cheas. **Onte matamos as reválidas e mañá remataremos coa LOMCE.**

O alumnado e as familias lograron de sobra o seu obxectivo. Rajoy vese obrigado a anunciar que as reválidas non terán carácter académico. Para cumprir co que di debe derrogar o Real Decreto 310/2016. Unha felicitación e un recoñecemento especial as organizacións estudiantís (SE) e ao movemento asociativo de nais e pais (CONFAPA-GALICIA), polo éxito indubidable do seu chamamento a baleirar as aulas. Tamén felicitamos ao profesorado e ás organizacións que os representan pola súa colaboración no éxito desta xornada. Esta convocatoria supón un éxito das organizacións da Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia, de quen partiu a iniciativa de convocar esta histórica Xornada de Loita na nosa Comunidade.

1

As reválidas representan un modelo pedagóxico arcaico, excluínte, segregador e de elite, pero as reválidas teñen os días contados porque dende onte quedaron feridas de morte. Seguiremos exercendo os nosos dereitos constitucionais e democráticos para defender o dereito á educación con maiúsculas.

Por ser partidarios e defensores da unidade de acción como se demostra coa pluralidade desta unión, lamentamos e denunciemos a actitude obstrucionista da plataforma tutelada polo BNG, que de xeito sectario, non só non convocaron a folga nin o baleirado de aulas, senón que contraprogamaron con outras concentracións nos mesmos lugares e horas, dividendo e confundindo á comunidade educativa por motivos meramente partidarios.

Un sinal de identidade que nos define é o pluralismo e estar constituídos exclusivamente por entidades representativas dos distintos sectores da comunidade educativa. Poren actuamos con total independencia dos partidos políticos. Estes teñen o seu ámbito de actuación nos parlamentos e nós traballaremos en complicidade con todos os que compartan as nosas demandas sen ningunha exclusión. Neste caso agradecemos o apoio explícito a PSdeG-PSOE e En Marea.

Dende CONFAPA, CCOO-Ensino, FEsP-UGT, IESGA, SE, Escola Viva e STEG instamos á Consellería de Educación e ao Parlamento galego que tome nota do acontecido onte e xestionen o sentir da comunidade educativa galega. Aos grupos políticos que nos apoiaron pedímoslles que cumpran os seus compromisos con esta Plataforma e promovan iniciativas no



Parlamento galego e español que acaben dunha vez co sufrimento do alumnado, familias e docentes, e que comecen o camiño da derrogación da LOMCE e dos recortes.

Tamén queremos expresar a predisposición desta Plataforma, (e cada unha das organizacións que a compoñen), a participar nun proceso de diálogo, con quen teña competencias para promovelos, para acadar un acordo social que se concrete finalmente nun acordo político para superar a LOMCE, e que esta sexa derrogada e substituída por unha nova lei de consenso e duradeira no tempo.

Esta Plataforma non vai aceptar XAMAIS o marco legislativo definido pola LOMCE. Defendemos unha educación para todos e todas que garanta a igualdade de oportunidades, defendemos unha Educación Pública de Calidade.

NON ÁS REVÁLIDAS
DERROGACIÓN DA LOMCE
REVERSIÓN DOS RECORTES NA EDUCACIÓN.

